

**NOTA INFORMATIVA DA COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA**

## **Os traballadores e as traballadoras de normalización da lingua pídenlles aos partidos políticos a creación de servizos de normalización lingüística municipais**

*Ante as próximas eleccións locais do 27 de maio, a CTNL insta a todos os partidos políticos a que inclúan nos seus programas a creación de departamentos técnicos estábeis para a normalización lingüística con capacidade de intervención social*

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) dirixiuse aos/ás líderes de todos os partidos políticos galegos para pedirles que inclúan nos seus programas para as vindeiras eleccións municipais a creación –ou potenciación e consolidación, de ser o caso– de servizos de normalización lingüística (SNL) estábeis e con capacidade de intervención social. Nos próximos días, a CTNL tamén lles fará a mesma proposta a todos os candidatos e a todas as candidatas das sete cidades galegas.

As administracións públicas locais teñen a obriga e a responsabilidade de apoiar e promover o proceso de normalización social da lingua galega, para o que deberían implementar políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras. Para desenvolver e implementar as súas políticas en calquera ámbito, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística, teñen departamentos de urbanismo, oficinas técnicas, etc.; para desenvolveren as políticas culturais, teñen departamentos de cultura; para desenvolveren as políticas ambientais, crean departamentos de medio ambiente; etc. No ámbito da política lingüística, eses departamentos son os xeralmente chamados servizos de normalización lingüística (SNL).

Na actualidade non chegan a 50 os concellos galegos que teñen SNL, e na maioría dos casos estes son inestábeis, as condicións laborais dos seus traballadores e das súas traballadoras son normalmente precarias, apenas están dotados con recursos económicos para a súa actividade e, en moitos casos, nin sequera desenvolven accións claramente dinamizadoras entre a sociedade.

Por estas razóns, a CTNL solicítalles a todas as organizacións políticas galegas e a todos os candidatos e candidatas que se comprometan dun xeito claro coa creación de SNL, e que reflectan este compromiso no seu programa. Estes SNL deben ter capacidade de intervención social, deben ser estábeis, estar dotados de recursos humanos e económicos suficientes, e deben ter funcións claramente dinamizadoras para traballar polo obxectivo xeral de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todo o ámbito social do concello.

A curto prazo, agárdase a creación dun Corsorcio de Planificación Lingüística impulsado desde a Xunta, que agardamos que sexa o órgano desde o que se implemente a política lingüística galega, e do que formarán parte, segundo se anunciou desde a Administración autonómica, entre outras entidades, a propia Xunta e os concellos que queiran incorporarse. Desde a CTNL agárdase que este novo órgano sirva para crear departamentos técnicos comarcais, estábeis, con equipos multidisciplinares, con capacidade de intervención social para a normalización lingüística e coordinados a nivel galego.

Nel Vidal Barral  
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2007

Para máis información: [contacto@ctnl.info](mailto:contacto@ctnl.info), 616 155 304